



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

En cumprimento do previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, desenvolvida pola Base 20ª das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de A Laracha para o ano 2017, e tendo en conta o **informe de Intervención** acerca da “Proposta de bases reguladoras da concesión de axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos, curso 2017/2018”, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras da concesión de axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos, curso 2017/2018, que se concretan como segue:

“En cumprimento do previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, desenvolvida pola Base 20ª das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de A Laracha para o ano 2017, emítese a seguinte PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DOS SEUS FILLOS, CURSO 2017/2018.

1.- DISPOSICIÓN XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos de concesión de axudas para a afrontar os gastos orixinados polo comezo do curso escolar, constituíndo unha acción de fomento que busca a correcta escolarización dos nenos pertencentes ás familias menos favorecidas, entendéndose por tales as que se definen nestas bases.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define na base 20ª das de execución do orzamento.

2.- OBXECTO, FINALIDADE, FINANCIAMENTO E CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás familias para atender os gastos orixinados polo comezo do curso escolar, entendendo por tales a compra de libros de texto (agás primaria e secundaria), material didáctico complementario, vestimenta deportiva, material informático (estudantes de ciclo, bacharelato e universitarios) e outros gastos directamente



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

relacionados. A presente axuda concedida o abeiro destas bases poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe total das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o gasto realizado polo beneficiario.

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 55.000,00 euros na aplicación 320.481.00 do Orzamento Xeral do Concello para 2017.

As axudas que se concederán por un importe total de 55.000,00 euros serán 382 a distribuír na forma seguinte:

- 80 para estudos de educación infantil de calquera ciclo, de 125 euros cada unha.
- 204 para estudos de educación primaria, secundaria obrigatoria e formación profesional básica, por 100 euros cada unha.
- 40 para estudos de bacharelato e ciclos formativos de grao medio e superior, de 180 euros cada unha.
- 20 para alumnos con necesidades educativas especiais, de 300 euros cada unha.
- 38 para estudos universitarios de grao medio ou superior e máster, de 300 euros cada unha.

3.- BENEFICIARIOS

Terán a condición de beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar empadroados no Concello de A Laracha antes do día 1 de setembro de 2016 un dos pais ou titores legais, así como os fillos menores para os que se solicite a axuda. No caso de que o solicitante sexa maior de idade, unicamente será necesario que estea empadroado o solicitante.
2. Estar cursando algúns dos estudos subvencionables segundo o apartado 2º das presentes bases en calquera dos centros docentes localizados no termo municipal, ou en centros localizados noutros termos cando sexa xustificado o motivo da escolarización nese centro (proximidade xeográfica, dispoñibilidade de transporte, especialidade formativa ou nivel educativo non existentes no termo municipal). Para o caso de que non se estea matriculado nun curso completo será preciso estar matriculado, cando menos, en tres materias.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

3. Pertencer a unha unidade familiar con ingresos anuais per cápita non superiores a 7.000,00 euros. Para o cálculo dos ingresos anuais per cápita dividirase a parte xeral da base imponible previa a aplicación do mínimo persoal e familiar de todos os membros da unidade familiar entre o número total de membros da unidade (con independencia de que estean ou non empadroados no Concello). Esa parte xeral da base imponible, no caso de familias numerosas, incrementárase en 602 euros por fillo a partires do terceiro.

No caso de que non se chegasen a conceder todas as axudas ofertadas, existindo solicitudes de unidades familiares con ingresos anuais superiores, estas poderían ser consideradas como beneficiarias, sempre respectando a maior preferencia das familias con menos ingresos per cápita, calculados do mesmo modo detallado no parágrafo anterior.

Considerarase a estes efectos unidade familiar aos pais ou titores, aos fillos menores de 18 anos e aos maiores de idade que non sobrepasen os 25 anos sempre que estean estudando e non obteñan ingresos.

Para o caso de alumnos con necesidades educativas especiais, o requisito será a pertenza a unha unidade familiar con ingresos anuais per cápita non superiores a 8.000,00 euros.

4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

4.2.- Lugar: Rexistro Xeral do Concello de A Laracha.

4.3.- Documentación que se deberá acompañar:

1. Fotocopia do DNI do alumno/a e do solicitante (pai, nai ou titor), cando sexa menor de idade.
2. Fotocopia do Libro de Familia.
3. Certificado de empadramento conxunto.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

4. Fotocopia ou resgardo da matrícula para o curso 2017/2018 excepto os estudantes universitarios que presentarán a matrícula 2016/2017 e 2017/2018.
 5. Fotocopia da declaración do I.R.P.F. do ano 2016, (ou, no seu caso, certificado de non ter que facela, correspondente a todos os membros da unidade familiar), ou autorización expresa ó Concello da Laracha para a obtención dos datos fiscais. No caso que da unidade familiar forme parte algún pensionista, achegarase o certificado da seguridade social dos ingresos percibidos por este concepto. Poderán ser admitidos, así mesmo, outros medios de xustificación de ingresos como fotocopias das nóminas, certificados do INEM ou, en defecto de todos os medios anteriores, declaración xurada de ingresos.
 6. Libro de cualificacións ou expediente académico das cualificacións do curso 2016/2017.
 7. Certificación bancaria da titularidade da conta corrente do alumno/a ou pai, nai ou titor. No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores non terá obriga de achegar o certificado bancario.
 8. No caso de solicitudes de axudas para alumnos/as con necesidades educativas especiais deberán presentar certificado do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ó 33% e informe do centro educativo onde xustifiquen a necesidade especial educativa.
- No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen máis trámites se esta non se efectuase.

4.4.- Documentación complementaria para valorar:

1. Para xustificar o aluguer de vivenda, copia do contrato de aluguer e recibo de pagamento.
2. Para xustificar os gastos do préstamo hipotecario da vivenda habitual, copia do recibo bancario de amortización de préstamo hipotecario e escrituras de hipoteca onde se reflexa a vivenda, sempre que esta non apareza reflexada na declaración da renda.
3. Para xustificar a condición familiar deberá achegar, libro de familia numerosa, sentenza de divorcio, orfandad,.. (sempre que non este xustificado na declaración da renda).





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

A estimación dos méritos dos solicitantes efectuarase seguindo os criterios do seguinte baremo:

- Expediente académico: Estimarase a nota media do último curso aprobado polo solicitante: Sobresaliente 9-10 (2 puntos), Notable 7-8 (1,5 puntos), Ben 6 (1 punto), Suficiente 5 (0,5 punto), P. A. (1 puntos), P (1 puntos).

Excepcionalmente poderanse conceder axudas para alumnos repetidores sempre que a situación económica así o xustifique.

- Ingresos anuais per cápita: Ingresos ata 2.258,55 euros (4 puntos); Ingresos ata 3.161,97 euros (3 puntos); Ingresos ata 4.065,39 euros (2 puntos); Ingresos ata 4.517,10 euros (1 punto). A efectos do cálculo dos ingresos tomarase a parte xeral da base imponible do I.R.P.F. previa á aplicación dos mínimos, ou ben os ingresos brutos resultantes dos outros medios de acreditación previstos no punto 4.3.4 das presentes bases.
- Número de membros da unidade familiar residentes no domicilio: Por cada membro ou residente, 1 punto.
- Condicións familiares do solicitante: Ser orfos absolutos (1,5 puntos); Pertencer a familia monoparental (0,5 puntos); Residir en vivenda alugada ou financiada mediante hipoteca (0,5 puntos), no caso de existir dous contratos de aluguer de vivenda (estudante ou familia) só se terá en conta un contrato.

En base aos criterios anteriormente expostos, a Comisión de valoración, establecerá:

1º.- Unha axuda por unidade familiar de acordo cos puntos obtidos por cada alumno/a solicitante, proponendo o outorgamento a de máis puntuación dentro de cada unha das categorías, co límite do número de axudas dispoñibles para cada categoría. A prioridade na selección dos solicitantes no caso de empate virá determinada por esta orde:

-En caso de irmáns alumnos/as concederase a de maior importe

-En caso de alumnos/as solicitantes virá determinada a prol da menor capacidade económica, a prol das mellores cualificacións académicas, e a prol do número de membros da unidade familiar.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

2º.- Si existen axudas dispoñibles propoñeráse unha segunda axuda as familias numerosas que cumpran a puntuación pola orde nomeada no punto 1º.

3º.- Si continúan existindo axudas dispoñibles propoñeranse para a súa concesión os alumnos/as solicitantes que inicialmente non foran considerados como beneficiarios por superar os ingresos esixidos, sempre de menor a maior segundo os ingresos. No caso de conceder unha axuda entre dous ou máis irmáns solicitantes concederáse a de menor importe.

6.- PROPOSTAS DE SUBVENCÍONS

A Comisión de valoración de subvencións procederá á proposta de concesión de subvencións segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de valoración de subvencións terá a seguinte composición:

Alcalde - Presidente do Concello, ou membro da Corporación en quen delegue

Concelleira de Ensino, Cultura, Deportes e Xuventude

Concelleira de Servizos Sociais

Actuará como Secretario o da corporación ou funcionario en quen delegue. A Comisión de valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

7.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

Posteriormente á proposta efectuada pola Comisión de valoración, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización.

A partir da proposta da Comisión de valoración informada pola Intervención, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

aos que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

A publicación no taboleiro de editos do Concello das subvencións outorgada terá os efectos de notificación.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento/ ingreso das axudas efectuarase aos beneficiarios no número de conta que se presentou no momento da solicitude unha vez resolta a concesión das mesmas, cos seguintes requisitos:

1. Presentación de facturas do exercicio con todos os requisitos regulamentarios, xustificativas de ter adquirido libros, material didáctico complementario, vestimenta deportiva, material informático consumible, con vida útil inferior a un ano, e outros gastos directamente relacionados (gafas, lentillas,...) co inicio do curso escolar, por importe igual ou superior á contía outorgada.
2. Declaración xurada das axudas percibidas polo mesmo concepto e finalidade doutros Organismos e/ou Administracións Públicas.

O prazo para xustificar rematará o 18 de decembro de 2017.

9.- DISPOSICIÓN FINAL

Para o non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEGUNDO.- Publicar as Bases aprobadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Laracha, 13 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

